

Os irmáns García Naveira e o dereito a unha boa educación para todos e todas

EDUARDO XOSÉ FUENTES ABELEDO*

Sumario

O texto do presente artigo correspóndese co contido da conferencia pronunciada polo autor o 26 de Marzo de 2015 no marco do Ciclo organizado polo «Anuario Brigantino». O obxectivo é poñer en evidencia o esforzo dos irmáns García Naveira no primeiro terzo do século XX en apoiar o desenvolvemento do dereito a unha boa educación para todos e todas, destacando especialmente as medidas adoptadas para a dignificación dos docentes das «Escolas García Irmáns», e a relevancia outorgada aos medios didácticos en coherencia co principio básico de intuición, obxectivación e visualización.

Abstract

The text of this article corresponds with the content of the lecture given by the author on 26 March 2015 under the Cycle organized by «Brigantino Yearbook». The aim is to highlight the efforts of the brothers García Naveira in the first third of the twentieth century to support the development of the right to have a good education for everyone, especially emphasizing the measures taken for the dignification of the teachers who worked at «Schools García Naveira's Brothers» and the importance given to the didactic methods in consistency with the basic principle of intuition, objectification and visualization.

INTRODUCCIÓN

Preparando esta conferencia, pensando en Betanzos e nas súas xentes, lembrábame estes días dos cambios acontecidos na vila desde que tiver conciencia do meu entorno, e botaba a vista atrás deténdome, por exemplo, no remate da década dos setenta e comezos dos oitenta do pasado século.

Naqueles tempos formei parte do equipo fundador do «Grupo Untia» que tiña entre os seus obxectivos recuperar a nosa historia. O Grupo naceu baixo o impulso e a lucidez de Santiago de la Fuente, inspirado sempre polo quefacer do admirado D. Paco -Francisco Vales Villamarín-.

Fun un privilexiado por compartir andaina con outras persoas moi preparadas que, ben dende a fundación do grupo ou pouco despois, se comprometeron con aquel proxecto. Amigos como Xosé Raimundo Núñez, Xoán Manuel Andrade, Alfredo Erias, Xosé Antón e Antonio Río tamén formaron parte daquela iniciativa, daquela ilusión compartida. A nostalxia invadiume e sentínme cómplice emocional de Xosé Abeal (2015), nacido en Ambroa, compañeiro de estudos no Instituto de Betanzos e amigo, ao expresar nun fermoso libro de poesía que ven de saír do prelo:

Cando penso nas cousas xa perdidas,
algo me doe moi dentro das entrañas

* Eduardo Xosé Fuentes Abeledo é Profesor Titular de Universidade no Departamento de Didáctica e Organización Escolar da Universidade de Santiago de Compostela.



1. Os membros do Grupo Untia no ano 1982
segundo caricatura de Xoán Andrade.



2. D. Francisco Vales Villamarín segundo
caricatura de Xoán Andrade (1981).

Tamén reparei no momento da recuperación do Anuario Brigantino a comezos dos oitenta, colaborando con amigos como o benquerido Brais da Bouza quen no número de 1981 –tras moitos anos sen saír á rúa- destacaba a figura de Santiago de la Fuente, quen viña de presentar ese mesmo ano a súa obra «A Educación en Betanzos e a súa comarca». Santiago, por certo, xa captara como ninguén a inmensa aportación dos García Naveira a Betanzos. Brais da Bouza escribía lembrando o desexo de Santiago: «que os betanceiros sexamos conscientes do noso pasado, do que temos, do que tivemos, das posibilidades que hai de lle quitar bo froito ao que gardamos na casa» (Bouza, 1981: 116).

E que bos froitos xurdiron, xorden e poden seguir agromando se os betanceiros traballamos xuntos polo ben común, e somos conscientes do noso pasado esforzándonos por comprender de onde vimos para detectar, con lucidez, o que «vai mal» hoxe, como reclamaba, pensando no seu caso no contexto mundial, o historiador Tony Judt, pouco antes de morrer en 2010, instándonos tamén a fixar a atención no «esquecido século XX», como reza o título dunha das obras deste extraordinario investigador (Judt, 2008). Pois este é un dos meus obxectivos: rescatar do esquecemento aspectos da inxente obra dos irmáns García Naveira en Betanzos a comezos do século XX.

Prégovos sexades benévolos coa miña modesta aportación nesta conferencia posto que a miña especialidade non é a historia da educación.

O obxectivo básico da mesma é ofrecer unha reflexión -acompañada dalgúns datos e imaxes- sobre como a acción educativa dos Irmáns García Naveira no primeiro terzo do

século XX apoiou o desenvolvemento do dereito á educación de moitos cidadáns, sobre todo betanceiros, respondendo a necesidades imperiosas das persoas naquela época.

O fío condutor do meu discurso céntrase en analizar como os irmáns García Naveira, a comezos do século XX nunha sociedade clasista e moito máis desigual que a actual, favorecen o dereito a unha boa educación para moitos nenos e nenas pobres na comarca betanceira e especialmente nun Betanzos que, segundo Alfredo Erias (2000), ao remate do período que consideramos (1900-1933), era «unha cidade practicamente estancada, sen industrias e cos artesáns en proceso de total desaparición, salvo os da construción» (p. 346), e na que o sector primario tiña aínda un peso importante -sobre todo os campesiños-. En Betanzos, os xenerosos irmáns suplen a escasa ou -en determinadas dimensións- nula intervención dos gobernos para paliar a desigualdade educativa,

Como finalidade complementaria pretendo favorecer un diálogo entre pasado e presente, e mesmo futuro, nun momento no que é evidente a crise da educación, e estanse a revelar moi diferentes visións sobre o significado do concepto de «calidade educativa». Neste contexto considero necesario afondar no dereito a unha boa educación para todos e todas poñendo en evidencia algúns dos perigos que comportan certas propostas no noso país.

Quizás algunhas das cuestións que abordemos poidan facernos reflexionar sobre o modelo de sociedade que desexamos cando en España crece a desigualdade, non só educativa (non esquezamos, por exemplo, que arredor de 2,3 millóns de nenos e nenas viven por debaixo do nivel de pobreza). Neste contexto convén dicir ben alto que a educación hai que defendela como un servizo básico, un servizo a mimar para non afondar na desigualdade, na inxustiza e na fractura social.


O discurso, logo desta introdución, vertébrase arredor de dous apartados e unhas conclusións finais. No primeiro apartado, de forma breve, presentarei algunhas ideas para ligar dereitos humanos e dereito específico á educación cun breve repaso a algúns fitos históricos destacados e relacionando xa algúns aspectos coas accións dos irmáns García Naveira para afondar, nun segundo apartado, en dous ámbitos: a oferta de escolarización gratuíta e de calidade nas Escolas García Irmáns deténdome na dignificación do profesorado e nos medios didácticos que se aportan para o desenvolvemento da docencia.

DEREITOS HUMANOS, DEREITO Á EDUCACIÓN E DIGNIDADE HUMANA

Referirse na actualidade ao dereito á educación conleva caracterizalo como irrenunciable posto que se recolle en múltiples tratados internacionais sobre dereitos humanos – considerándose ademais como garante en boa medida dos demais-, e tamén en textos constitucionais dos diferentes países do mundo. Un dereito que acadou un consenso global, con escolaridade proporcionada polo Estado, en boa parte debido ás lembranzas



3. O Peirao betanceiro no 1900. Fotografía de Martínez Santiso. AMB.



4. Esquema das 4 Aes (Tomasevski, 1998, 2004 e 2005).

da Gran Depresión de 1929 e das barbaridades cometidas na II Guerra Mundial cos atentados máis crueis contra a dignidade humana (pensemos, por exemplo, no Holocausto).

No «Pasatempo», obra de D. Xoán García Naveira rematada a comezos do século XX, campaban inscricións –recolléndose referencias a valores como «Liberdade», «Igualdade», «Fraternidade», «Legalidade»– que nos remiten a formulacións dos dereitos humanos no contexto da Ilustración e da Revolución Francesa. Como se recolle na Declaración dos Dereitos do Home (Francia, 1789): «Os homes nacen, e sempre continúan sendo, libres e iguais con respecto aos seus dereitos. Polo tanto, as distincións civís só poden estar fundadas na utilidade pública».

En 1948, trala Segunda Guerra Mundial, bastantes anos despois da morte de D.Xoán e D. Xesús, apróbase a Declaración Universal dos Dereitos Humanos que recolle no artigo 26 principios básicos en relación co dereito á educación. O texto refírese á «gratuidade», cando menos na «instrución elemental e fundamental» e á «obrigatoriedade» na «instrución elemental», sendo o acceso aos estudos superiores «igual para todos, en función dos méritos respectivos». Tamén aborda cuestións relativas ás finalidades e currículo escolar, establecéndose ademais que «os pais terán dereito preferente a escoller o tipo de educación que haberá de darse aos seus fillos».

Outros Pactos, Declaracións e Convencións posteriores incidirán na importancia do dereito á educación, mesmo situándoo no centro de todos os dereitos humanos, como moitos anos antes cremos que xa o consideraban os irmáns García Naveira.

A concreción específica dos «dereitos do neno» tivo un fito de relevancia xa en 1924 na denominada «Declaración de Xenebra» aprobada pola Sociedade de Nacións que defendía que «a Humanidade ten que dar ao neno o que ela ten de mellor», recoñecéndose,



5. *A Galera no 1919 (Betanzos). Fotografía de Pelai Mas i Castañeda (Arxiu Mas).*


por exemplo, que «o neno debe ser posto en condicións de desenvolverse dunha maneira normal, material e espiritualmente». Tamén que «o neno famento ten que ser alimentado; o neno enfermo debe ser asistido, o atrasado debe ser estimulado; o extraviado debe ser conducido; o orfo e o abandonado deben ser recollidos e socorridos».

Anos antes os García Naveira atenderan xa estes dereitos inaugurando as «Escolas García Irmáns» en 1914, e cabe lembrar tamén que no 1917 colocábase a primeira pedra para edificar as «Escolas Municipais Xesús García Naveira», construídas co legado que deixara o propio D. Xesús no 1911. Ademais, no ano 1923 ponse en funcionamento un centro sufragado por D. Xoán. Trátase do «Refuxio para nenas anormais físicas» estando destinado naquel momento á asistencia, alimentación, coidado e educación de nenas raquílicas, paralíticas, coxas, mudas e escrofulosas.



6. *Mulleres e nenas portando selas no barrio de Santa María no 1904 (Betanzos). Fotografía de Avrillón.*

Analfabetismo en Galicia



7. Analfabetismo en Galicia de 1900 a 1930 (segundo datos de Costa Rico, 2004).

Moitos anos máis tarde, no 1959, a ONU aproba a «Declaración dos Dereitos do Neno», e no 1989 a Asemblea Xeral das Nacións Unidas a «Convención dos Dereitos do Neno» incorporando consideracións referidas aos dereitos da infancia en múltiples dimensións, varias xa recollidas na actuación dos irmáns betanceiros. Destaquemos a protección e atención -por exemplo a nenos con necesidades especiais derivadas de discapacidades-, ou a satisfacción de necesidades básicas -como a educación, a saúde e o xogo-. Lembremos que os dereitos á educación recóllense no artigo 27 da actual Constitución española e nas leis orgánicas do ámbito educativo.

A PLASMACIÓN NA REALIDADE DO DEREITO Á EDUCACIÓN: DE HOXE A ONTE

Hoxe, o dereito á educación é considerado de «segunda xeración», é dicir, intégrase no conxunto de dereitos sociais, económicos e culturais posteriores aos dereitos de primeira xeración (dereitos civís e políticos). Mais non existen estes dereitos sen que os gobernos cumpran as obrigacións correspondentes. Como comentamos anteriormente, a Declaración dos Dereitos Humanos (1948) e a Convención dos Dereitos da Infancia (1989), e outros moitos pactos internacionais, apelan ao dereito da persoa para acceder a unha educación que garanta o seu pleno desenvolvemento persoal.

Mais aínda hoxe se desvelan distancias, nalgúns contextos enormes, entre o establecido nos documentos e a realidade. O esquema das catro Aes (en inglés) proposto por Katarina Tomasevski –primeira relatora especial para o dereito á educación de Nacións Unidas e responsable dun coñecido Informe sobre este asunto-, aborda os contidos centrais do dereito á educación. Estimo que constitúe un instrumento de gran interese para avaliar o cumprimento do dereito á educación por parte dos gobernos dos países na actualidade. Neste traballo usareino para analizar algunhas das accións educativas dos García Naveira, dende aquelas que pretenden simplemente facilitar que todo cidadán poida acceder á educación, a outras que pretenden proporcionar unha educación de calidade.

A autora citada (pódese consultar a súa proposta en Tomasevski, 2004 e 2005), defende que os gobernos, como principais obrigados co dereito á educación, deben procurar que os sistemas educativos garantan o mesmo, dando resposta ás 4 Aes, obrigándose a que a educación sexa «asequible» (no sistema educativo debe existir dispoñibilidade de oferta), «accesible» a todos os cidadáns, con calidade «aceptable», e «adaptable» no senso de adecuarse ás necesidades de todos os individuos. Centrareime, seguindo o marco conceptual da autora citada, en aspectos da primeira e da terceira das dimensións de avaliación do cumprimento do dereito á educación, deténdome en salientar algunhas das realizacións dos García Naveira dende 1914 ata a morte de D. Xoán en 1933 cun comentario final relativo ao impacto da súa proposta moitos anos despois.



8. Comedor de nenas das Escolas García Irmáns.



9. Exemplar do xornal «El Sol» do Arquivo das Escolas García Irmáns.

O concepto de «asequibilidade» fai referencia á dispoñibilidade de oferta educativa concretándose en diversas obrigacións. Como dereito civil e político, Tomasevski (2005) refírese á admisión de centros que respecten a liberdade «de» e «na» educación. Como dereito social e económico debe asegurarse **educación gratuíta e obrigatoria** para nenos e nenas en idade escolar, os dous piares básicos do dereito á educación. Como dereito cultural debe respectarse a diversidade e, polo tanto, por exemplo, os dereitos das minorías. Este dereito compromete a oferta de educación primaria gratuíta para todos. Lembremos que foi a partir de 1901 cando se estableceu a en España obrigatoriedade escolar para o grupo de idade dos 6 aos 12 anos, se ben foi unha norma de escaso cumprimento o que provocou que en 1909 se ditasen medidas para favorecela.


En relación co concepto de «asequibilidade», cabe destacar que en 1908 os irmáns García Naveira constituíron o «Patronato Benéfico» e segundo recolle o artigo 9º dos «Estatutos», para ingresar nas «Escolas Irmáns García Naveira» como alumno inicialmente requiríase, -ademais da presentación de solicitude, da aceptación polo pai ou representante lexítimo do réxime interior do establecemento e de contar con praza vacante-:

* Ter a idade mínima de catro anos, poder falar correntemente, moverse con liberdade e valerse por si mesmo coa comida.

* Ser pobre, natural deste partido, non padecer enfermidade contaxiosa nin de exterior repugnante, ou que esixa medicación e coidades especiais, e acreditar que está vacinado. Darase sempre preferencia aos orfos.

No artigo 1º dos citados Estatutos establécese como obxectivo fundamental das Escolas proporcionar «alimento, educación e ensinanza á xuventude», estipulándose no artigo 13 que «as aulas terán todo o necesario para que a ensinanza se desenvolva conforme ás leis e aos últimos adiantos».

A proposta dos irmáns García Naveira emerxe nun momento da historia de España en que aumenta a sensibilidade e preocupación pola situación da infancia máis desfavorecida



10. Animais disecados procedentes do Museo Pedagógico das Escolas García Irmáns, actualmente no Museo das Mariñas. Fotografía de Veiga Ferreira.

como se pon de manifesto, por exemplo, coa creación en 1903 do «Instituto de Reformas Sociais» (sendo o seu primeiro presidente o republicano Gumersindo de Azcárate), coa fundación da «Xunta de Protección da Infancia» (R.O. de 12 de Agosto de 1904), ou coa celebración en 1908 do «Congreso Nacional de educación protectora da infancia abandonada, viciosa e delincuente».

A prioridade outorgada polos García Naveira aos «orfos» e, en xeral, a preocupación polas desgrazas dos máis humildes non é allea a estas inquedanzas. A literatura realista da época describía a situación dos orfos sumidos na fatalidade da carencia de apoio económico e afectivo, da desatención de moitos nenos e nenas sumidos na precariedade e vulnerabilidade vital. Poñerse no lugar destes pequenos, sentir con eles, actuar con responsabilidade en relación co outro, e actuar nunha liña de protección e apoio ao desenvolvemento a través da institución das Escolas para que as portas non queden para eles completamente pechadas, é manifestación dunha ética do coidado e da xustiza, unha aposta pola esperanza, insistindo en loitar con enerxía polos seus dereitos. Ética que se manifesta tamén, entre outras moitas realizacións, coa fundación do «Refuxio para nenas anormais físicas» no ano 1923.

No artigo 1º do Título Primeiro do «Regulamento das Escolas dos Irmáns García Naveira» establécese que ditas Escolas «para nenos, nenas e párvulos de ambos sexos (...) serán gratuítas». Polo tanto, ningún asistente ás Escolas pagará retribucións aos mestres. Resulta revelador constatar que o Real Decreto de 8/VI/1910 establecera poucos anos antes para as escolas públicas –sen dúbida coa fin de ir suprimindo as retribucións ao profesorado por parte dos responsables dos nenos– que o ensino debía ser completamente gratuíto na medida en que se implantasen os novos soldos do maxisterio.



11. Restos do esqueleto dun animal procedente do Museo Pedagógico das Escolas García Irmáns, actualmente no Museo das Mariñas. Fotografía de Veiga Ferreira.



12. Parte da Anatomía dunha balea, obxectos e material para uso didáctico das Escolas García Irmáns, na actualidade depositados no Museo das Mariñas. Fotografía de Veiga Ferreira.

As Escolas García Naveira non pretendían ofrecer postos escolares para obter beneficios por parte dos patróns, senón aportar educación sobre todo a aqueles que, doutro xeito, é probable que non a recibisen. Antón Costa Rico (2004), investigador da educación da Universidade de Santiago de Compostela, con información referida ao conxunto de Galicia e analizando o período que vai do ano 1900 ao 1936, aporta os seguintes datos sobre o alumnado das escolas públicas galegas:

- En 1900 representaban o 53% da poboación escolarizable.
- En 1908 o 41,5%.
- En 1923 o 51,8 %.
- En 1933 o 55,6 %.

A escolarización estaba moi afectada polas elevadas taxas de inasistencia escolar debida, en boa medida, ao traballo dos nenos e nenas como socorro económico para as familias, tanto nas cidades e vilas como nas aldeas. Lembremos que en 1900 establécese a prohibición legal do traballo infantil para os menores de 10 anos e con limitación de horario ata os 14 anos (non máis de 6 horas diarias na industria, e de oito no comercio). Tamén que a escolarización xeral ata os 14 anos non se acada no noso país ata os anos setenta do século XX.

Son variados os documentos escritos que dan fe da dura vida de traballo de moitos nenos galegos, tanto no mundo rural como urbano, agás nos medios burgueses de familias acomodadas.

No período histórico que nos interesa, no grupo familiar das clases populares considerábase «natural» que os nenos traballasen a terra e coidasen do gando. Algúns pequenos tamén desenvolvían traballos nas industrias, como sucedía por exemplo nas fábricas conserveiras de Vigo, con xornadas de nove horas e media diarias. Outros, tamén na costa, desenvolvían labores ligadas á pesca.

En relación co traballo dos nenos fillos de labregos, o historiador Xavier Castro (2007) ofrécenos unha impresionista descrición da vida cotiá entre os séculos XIX e XX



13. Aparatos mecánicos para a colocación de láminas e mapas das Escolas García Irmáns, depositados na actualidade no Museo das Mariñas. Fotografía de Veiga Ferreira.



14. Láminas de «Historia Natural» das Escolas García Irmáns, na actualidade no Museo das Mariñas. Fotografía de Veiga Ferreira.



15. Colección de Láminas de «Historia Sagrada» das Escolas García Irmáns, na actualidade no Museo das Mariñas. Fotografía de Veiga Ferreira.

servíndose de diferentes fontes. Dende os catro ou cinco anos, comezaban a iniciárense nos traballos agrícolas e as nenas empezaban a «facer de naiciñas» ocupándose de tarefas de crianza dos irmáns máis pequenos (alimentación, aseo, seguranza), e ir a buscar auga á fonte, acender e manter o lume na lareira e mesmo de preparar o xantar.

En definitiva, para nenos e nenas o traballo infantil constitúe unha das causas fundamentais da inasistencia á escola. O investigador betanceiro Xesús Torres (2004) nun traballo sobre a época da II República na vila de Betanzos presenta un interesante cadro sobre o ensino primario en Betanzos no 1932 e afirma que «o absentismo escolar andaba a redor dun terzo do alumnado» (p. 30).

A asistencia escolar era un tema que preocupaba a comezos do século XX. Nun número do 1 de Abril de 1920 do xornal «El Sol» que localicei nos Arquivos das Escolas García Naveira, recóllense pasaxes do discurso pronunciado por Fernando de los Ríos no Congreso o 29 de Marzo de 1920. Este político socialista, formado baixo os presupostos educativos da Institución Libre de Enseñanza e que situamos nunha orientación moderada e humanista dentro do PSOE da época, sendo deputado electo pola circunscrición de Granada -e posteriormente ministro coa República- declaraba na data citada e segundo se recolle no recorte que atopamos que:

A nosa educación é hoxe unha educación de clase; o pobo non pode ir aos Institutos, o pobo non pode ir nin á escola primaria, porque é evidentemente falso que a escola estea aberta a todos. Como vai estar aberta a todos se se necesita gañar o xornal, e a necesidade dese salario priva da posibilidade de asistir á escola! (...) o censo de 1910 demostra que máis de 600.000 nenos non van á escola.

Pero o traballo dos nenos non era a única causa de inasistencia á escola. Como recolle Costa Rico (1989), na Asemblea Pedagóxica celebrada en Pontevedra no ano 1894, xa se anotaban outras causas como por exemplo: «a desidia das autoridades locais», «a falta de preparación dos mestres en xeral», a «mala dotación escolar», as «retribucións que se pagarían (aos mestres)», ou «distancia e situación das escolas».

Os irmáns García Naveira coñecían por propia experiencia na nenez varias das circunstancias citadas como causas do problema. Ademais é moi probable que fosen ben conscientes, por vivencias persoais, que a situación se agravaba cando se producían crises agrarias e epidemias nun entorno como o betanceiro, crises que afectaban sobre todo á poboación máis pobre (fame, enfermidades, mortes).

Se ben a principios do século XX a situación no ámbito educativo mellorara en Galicia en relación con décadas anteriores, os datos aportados por Costa Rico (2004) referidos ás porcentaxes de poboación analfabeta na nosa terra desvelan o escaso desenvolvemento do dereito á educación nesa época:



16. Lámina de «Historia Sagrada» representando «a morte de Abel» procedente das Escolas García Irmáns, na actualidade no Museo das Mariñas. Fotografía de Veiga Ferreira.



17. Cimeira da bandeira e material didáctico das Escolas García Irmáns, na actualidade no Museo das Mariñas. Fotografía de Veiga Ferreira.

· En 1900: 68,88% de poboación galega de máis de dez anos era analfabeta, acadando os homes un 47,20% de analfabetismo e as mulleres un arrepiante 83,66%.

· En 1910: 60,32% da poboación total de máis de dez anos era analfabeta.

· En 1920: 50,82%.

· En 1930: 38,56%, cun 49,49 % de mulleres analfabetas de máis de dez anos e un 24,78 % de homes.

· En 1940: 24,41%.

Se atendemos ao que hoxe sabemos sobre analfabetismo e pobreza cabe un maior grado de preocupación despois da lectura dos datos anteriores. Como afirma Tomasevski (2005), aínda que referíndose ao momento histórico actual: «O enfoque habitual do ensino primario non conseguirá a redución da pobreza se a escolarización acada só 3

anos. As investigacións mostran que son necesarios cando menos 5 anos de escolaridade para que quen finalice a escola non volva a caer no analfabetismo» (p. 66). Ademais como afirma a mesma autora noutra obra (Tomasevski, 2004, p. 79): «Os que teñen peor acceso á educación deixan esa herdanza á seguinte xeración».

Cando un le informes como o citado non deixa de asombrarse da visión que tiñan os García Naveira para propiciar, na medida en que eles puideron facelo, o dereito á educación. Así, o artigo 6º do Título Terceiro do Regulamento das Escolas adicado ao «ingreso dos alumnos» e aprobado en reunión de 13 de Maio de 1915 (con moi pequenos cambios con respecto ao «Proxecto de Regulamento para o réxime das Escolas García Irmáns» aprobado en sesión do 25 de Novembro de 1913), establece que:

Os párvulos serán admitidos desde os catro ata os oito anos de idade. Os demais nenos e nenas dende os oito anos cumpridos ata os catorce.

Polo tanto, os irmáns betanceiros amplían por abaixo e por enriba –lembremos que a obrigatoriedade escolar remataba aos doce anos e comezaba aos seis- a posibilidade de escolarizarse de forma gratuíta primando ademais aos nenos pertencentes ás clases máis desfavorecidas.


Ofrecer escola gratuíta aos catro anos resulta significativo. Hoxe coñecemos mellor que a comezos do século XX os beneficios do que denominamos agora a Educación Infantil: desenrolo social, cognitivo, de habilidades de comunicación. Mesmo a investigación desvela o impacto positivo da escolarización temperá no rendemento educativo posterior. Na actualidade, no noso país a escolarización dos nenos de tres a seis anos está xeneralizada e moitas voces en defensa do dereito á educación reclaman a gratuidade e oferta de prazas en todo o territorio para o ciclo 0-3 anos, posto que o nivel socioeconómico das familias incide no acceso a este ciclo comportando desigualdades notables.



18. Mapa en relevo de Xeografía Física de España das Escolas García Irmáns, actualmente no Museo das Mariñas. Fotografía de Veiga Ferreira.

Os García Naveira ofrecendo a escolarización gratuíta dende os catro anos dende 1914 adiantábanse en moitos anos no ámbito do dereito á educación a instancias diversas, entendemos que, entre outras razóns, coa intención de rachar cunha desigualdade de acceso á escolarización temperá propiciadora de desiguais oportunidades educativas posteriores, e tamén de favorecer que as familias quedasen algo liberadas da atención aos pequenos de catro, cinco e seis anos para poder atender outras cargas laborais, e os fillos máis maiores puideran tamén asistir á escola. Cabe destacar tamén que as Escolas dos García Naveira, acollen tanto nenos como nenas, propiciando pois a igualdade de xénero en relación coa dimensión de dispoñibilidade de oferta que estamos a comentar

Os controis de asistencia nas Escolas García Naveira facíanse de forma moi sistemática e minuciosa, como poñen de manifesto os documentos que están depositados no Arquivo Municipal. As dotacións de material escolar, a comida gratuíta -e mesmo vestimenta e calzado- que se proporcionaban nas Escolas, así como as condicións para acadar determinados premios que se estipulan nos acordos do Patronato segundo as actas que se conservan na institución citada, configuran un conxunto de accións tanto dirixidas aos pais -algúns dos elementos citados podían facer máis «rentable» para as familias que os nenos asistisen a escola que a inasistencia, por exemplo para adicarse a determinadas tarefas como as citadas anteriormente- como aos os nenos -para facer realidade o dereito á educación afrontando as circunstancias propias da época estimulando a asistencia ás aulas-, que revelan todo un proxecto ben pensado para facilitar a educación dos máis humildes.



19. Portadas de libros da «Biblioteca Popular Circulante» doada por D. Xoán García Naveira, actualmente no Museo das Mariñas. Fotografía de Veiga Ferreira.

Estas accións hai que situalas no seu contexto histórico e tendo en conta que o Estado español, na época en que os irmáns García Naveira puxeron en marcha as Escolas, arrastraba un retraso importante en relación coa escolarización co consecuente impacto na taxa de alfabetización dos cidadáns. Lembremos que, á altura do ano 1900, o Estado só adicaba o 1,5% do presuposto xeral á educación, a moita distancia de países como Francia ou Alemaña.

A terceira das dimensións de avaliación de cumprimento do dereito á educación no informe de Tomasevski (2004, 2005), a «aceptabilidade», refírese a que a educación debe ter unha calidade aceptable. Destacarei

unicamente algún aspecto, cunha interpretación moi aberta da proposta orixinal, co obxectivo de subliñar elementos que valoro como positivos da iniciativa dos García Naveira atendendo aos primeiros anos de funcionamento das Escolas.

Nun traballo anterior (Fuentes Abeledo, 2014) preparado para a Conferencia pronunciada o 28 de Novembro de 2014 nos Actos de Conmemoración dos 100 anos da inauguración das Escolas García Irmáns comentei varios dos aspectos relacionados coa selección e formación do profesorado das escolas segundo o regulado no Regulamento das mesmas de 1915. Por exemplo:

- Os concursos públicos, anunciados en prensa galega e madrileña para seleccionar os mestres, esixindo titulación e valorando diversos méritos con espírito profesionalizador.

- Os requirimentos de competencia tanto para a planificación do currículo como para a fase interactiva da ensinanza apostando porque os mestres desenvolvan «métodos pedagóxicos modernos» (como estipula o artigo 2), acostumando ao alumnado a «pensar e raciocinar» (artigo 28). Así, por exemplo, recoméndase a realización de «paseos e excursións», e demándase que os mestres inicien e propoñan «as melloras e adiantos que lles dite o seu celo pola ensinanza» (artigo 28).

- A aposta por uns docentes que desenvolvan unha relación de «cuidado» cara ao alumnado e que ligo co que hoxe ven denominándose «tacto pedagóxico» (Van Manen, 1995). En relación con este concepto tan actual, paga a pena reproducir de novo unha parte do artigo 28 sobre «obrigacións do persoal» do citado Regulamento das escolas de 1915:

2º. Captar as simpatías e cariño dos seus discípulos dispensándolles constante e solícita atención e trato afectuoso, sen menoscabo do respectuoso ascendente moral que sobre eles deben exercer.

3º. Non desalentar ao alumno porque se equivoque nos seus traballos de calquera orde que sexan antes ben, coa maior afabilidade se lles acostumarán a pensar e raciocinar, dando sempre moita importancia a cada avance, por pequeno que sexa, realizado polo educando no terreo da investigación.



20. Armario e material didáctico das Escolas García Irmáns, actualmente no Museo das Mariñas. Fotografía de Veiga Ferreira.

Nesta nova aportación detereime en comentar dous aspectos máis. O primeiro ligado á dignificación do profesorado a partir do que estipula o Regulamento e outra documentación que está depositada no Arquivo. Refírome en concreto á cuestión salarial e de apoio, coidado, respecto e consideración aos mestres. O segundo, á relevancia outorgada aos medios en coherencia co principio didáctico de intuición, obxectivación e visualización do ensino acorde co establecido no artigo 13 dos Estatutos de 1908, é dicir que o ensino debería ofrecerse «conforme ás leis e aos últimos adiantos».

En relación co primeiro aspecto dos citados, salientemos que os filántropos betanceiros apelan á necesidade de contar con mestres comprometidos, con boa formación, «vocación» e «ciencia» -como diría Giner de los Ríos-, pero sen dúbida eran conscientes da situación miserenta na que se atopaban a inmensa maioría dos docentes con soldos ínfimos e condicións de vida en moitos casos inaceptábeis -no Arquivo das Escolas atopamos recortes de xornais da época que fan referencia a esta circunstancia-.

Lembremos ademais que a maioría dos mestres sufrían retrasos no cobro dos baixos soldos. Como denunciou en 1904 o mestre García Niebla que rexentou a escola de Caranza de Ferrol e do que atopamos diversas referencias en recortes de xornais no Arquivo das Escolas García Naveira: «o maxisterio español está reducido á categoría de verdadeiro paria» (declaración recollidas en medios do Ateneo de Ferrol segundo informa Costa Rico, 1989, p. 140). Este mestre, creo que foi un dos referentes de D. Juan en relación coa proposta educativa das Escolas. Mesmo é probable que se coñeceran persoalmente desde



21. Fachada das Escolas e do Asilo García Irmáns. Arquivo Fotográfico Loty (1927-1936) do Arquivo Histórico Provincial de Lugo.

principios do século XX posto que nun artigo de Guillermo Cedrón publicado en «La Región Gallega» en Decembro de 1913 afirmase que o mestre García Niebla empezou a facer saídas cos rapaces da escola en 1901 con «excursións con nenos de Betanzos á Igrexa de Espenuca».

Os investigadores Cabano, Pato e Sousa (1991) relacionan a «práctica pedagóxica do Pasatempo» coa «concepción didáctica» deste mestre (p. 114), aspecto co que concordo, pero ampliándoo á práctica que se pretendía impulsar nas Escolas.

Os salarios dos mestres do ensino público eran realmente baixos. No ano 1908 o soldo medio dos mestres españois era de 1.083 pesetas anuais, fronte ás 880 pesetas que tiñan como soldo medio os mestres galegos. En 1913 -un ano antes da inauguración das Escolas-, dáse unha mellora pasando a cobrar 1000 pesetas anuais os mestres da novena e última categoría do escalafón, aínda que, como destaca Costa Rico (1989), «en 1914 (R.O do 26 de decembro) se fala de ascender as dotacións de moitos mestres de 625 pesetas a partir de 1915» (p. 138).

No Arquivo das Escolas atopamos un recorte do xornal «El Sol» do 1 de Abril de 1920, con anotacións que probablemente sexan de D. Xoán, no que se recollen aspectos do contido do debate no Congreso sobre o Presuposto de Instrución Pública centrado nos aumentos de soldo mínimo dos mestres a 2000 pesetas. O xornal citado recolle comentarios de Lorenzo Luzuriaga (recoñecido pedagogo e impulsor da renovación educativa en España -véxase o estudo de Herminio Barreiro, 1989-) e reproduce partes do discurso pronunciado no Congreso por Fernando de los Ríos con declaracións significativas: «ese soldo mínimo de 2000 pesetas, supoñendo que non se escatimará, aseguraranos que ao recrutar ao Maxisterio imos recoller os desperdicios de todos os que teñen aspiracións civís. Si 3000 pesetas danse



22. O Peirao de Betanzos en 1900. Fotografía de Ferrer.

en Correos e Telégrafos, dito se está que todo o que teña a posibilidade de entrar no presuposto non irá ao Maxisterio, senón que irá a calquera deses outros cargos ...».

No texto manuscrito do «Proxecto de Regulamento para o réxime das Escolas García Irmáns» (aprobado en 1913) fíxase en 2.500 pesetas o soldo anual do mestre que se contrate, e de 2000 pesetas o da mestra, establecéndose en oitocentas pesetas a subvención para o encargo do grupo de párvulos que, segundo este documento, recaerá sobre «Irmáns dos Anciáns Desamparados» que se responsabilizan tamén do «Asilo García Irmáns». Nun acordo posterior do Patronato de 12 de Novembro de 1918 apróbase que os mestres que, ademais das clases de primaria, se ocupen das clases nocturnas cobrarán 500 pesetas máis anualmente e as mestras 400 pesetas. Na Acta da sesión do Patronato de setembro de 1920 aparecen as seguintes declaracións:

A cada un dos mestres de primeiro e segundo grao de ensinanza se lles asigna o soldo anual de tres mil cincocentas pesetas, aumentando a catro mil aos cinco anos cumpridos de servizo persoal, catro mil cincocentas (4.500) ao cumprir os dez, e a cinco mil pesetas aos vinte anos tamén cumpridos no exercicio continuado do cargo. Establécese tamén que para o persoal que se ocupa dos párvulos (as Irmáns dos Anciáns Desamparados), se lles recompense con dúas mil pesetas anuais.

En 1920 subíase o soldo mínimo dos mestres españois a 2000 pesetas aínda que sábese que en 1923 moitos mestres –por exemplo de Ourense– non recibían esa cantidade, senón outra menor.

Como observamos, as diferenzas cos soldos dos mestres das Escolas García Irmáns son chamativas, unha evidencia do obxectivo de dignificación da profesión docente e de



23. Estatua dos irmáns García Naveira no Pasatempo a comezos do século XX.



24. Estatua dos irmáns García Naveira nun espazo do Pasatempo convertido en leira, mostra do abandono e da desidia de moitos anos.
Fotografía: cortesía de Vicente de la Fuente.

contar con bos mestres nas aulas. Outra manifestación deste esforzo son as dotacións presupostarias para que os mestres conten con axudantes no traballo de aula.

A liberación dos mestres de tarefas que non teñan que ver directamente co traballo máis académico reflíctese tamén no apoio co que contan por parte do conserxe, e na existencia do cargo de administrador do centro.

Os irmáns García Naveira preocupáronse de que as Escolas contasen con medios didácticos non só para aprender contidos disciplinares nas aulas –e nos patios–, senón tamén para desenvolver actividades lúdicas. Pero antes de afondar en aspectos relativos aos medios detereime en comentar cuestións relacionadas máis directamente coas estratexias e principios didácticos.

Nos Arquivos das Escolas atopei un texto xornalístico publicado en «La Región Gallega» o 28 de Decembro de 1913, o mesmo ano en que se elabora o «Proxecto de Regulamento». O texto citado, asinado por Guillermo Cedrón, resulta moi significativo posto que nos Arquivos tamén se atopan outros que se refiren á actividade educativa de D. Juan García Niebla, mestre da Escola Nacional de Instrución Primaria de Caranza na comarca de Ferrol, a quen o articulista ensalza. Cedrón destaca que este mestre fuxe de métodos memorísticos e rotinarios, sen obrigir ao alumnado a «repetir as leccións como papagaios», facendo que os nenos «observen detidamente» e «expresen con exactitude o resultado das observacións».

No interesante e documentado estudo de Delfín Mariño (2000) sobre a «sabedoría pedagóxica» do Pasatempo, o autor argumenta arredor da influencia da obra de Francisco Ballesteros (1899) nas propostas pedagóxicas tanto das Escolas como do Pasatempo. Ballesteros, segundo reproduce Mariño (2000, p. 431), aposta polos métodos «intuitivos» nos que inclúe «a técnica escolar, chamada tamén método activo, o museo escolar, o material instrutivo, as leccións de cousas, e as excursións mediante as que a ensinanza identifícase por completo coa personalidade íntegra do que aprende».



25. Momento do traslado das estatua dos irmáns García Naveira ao emprazamento actual o 3 de marzo de 1983. Foto Fersal. Cortesía de Vicente de la Fuente.

Na miña opinión un dos alicerces da proposta didáctica dos García Naveira identifícase co principio que autores clásicos da Didáctica moderna como Stöcker (1960) denominan de «intuición, obxectivación, de visualización» da ensinanza no sentido de aproximación ao concreto, de achegamento á realidade. O dito principio deféndese coa pretensión de superar o verbalismo, a ensinanza puramente oral desligada da vida real, de superar a escola da «palabra» e do «libro», na liña de precursores como Comenio, Rousseau e, sobre todo, Pestalozzi.

Para os defensores deste principio, segundo Stöcker (1960, p. 42) «a mera palabra por si soa, ao falar das cousas, non é suficiente para chegar a representacións claras e distintas, senón que a cousa e a palabra, a realidade e o concepto teñen que mancomunarse na ensinanza. E que todo aprender baséase no fundamento da intuición: percíbense fenómenos, vense cousas, óense ruídos, pálpanse formas, obsérvanse procesos e accións, compróbanse olores e tanto a función en que se basean eses sucesos como as configuracións que deixan na alma, as chamamos intuicións ou visualización».

Desde este enfoque deféndese a importancia de deterse na observación de cousas, obxectos, animais, procesos, fenómenos, de percibir con todos os sentidos. O docente terá que servirse de diferentes medios didácticos, de diferentes «medios de visualización».

Vexamos algúns exemplos no proxecto didáctico dos García Naveira segundo o nivel de aproximación á realidade:

- A **realidade mesma**, como ocorre por exemplo cando se realizan paseos e excursións de «práctica escolar» (segundo o termo usado no artigo 3º do Regulamento das Escolas García Irmáns), nos que se establece que para que os nenos «discurran» estes deberían «escribir» e «redactar» unha «memoria descritiva do que fosen observando e das impresións recibidas» (na liña dun enfoque de ensinanza vivo e concreto impulsado en España pola Institución Libre de Ensinanza a finais do século XIX).

- A **realidade preparada**, por exemplo a través da natureza viva que os nenos e nenas podían observar no Pasatempo, como os animais do zoolóxico ou os peixes dos estanques, e as plantas que alí se coidaban, ou os obxectos (frechas de tribos de diferentes partes do mundo, por exemplo), as pedras e a natureza morta que os irmáns García Naveira poñían a disposición do alumnado no Museo Pedagóxico Escolar (como os crocodilos e outros animais disecados, ou partes dun animal que chamaban poderosamente a atención dos estudantes como partes da anatomía dunha balea, os grandes ovos de avestruces ou os caparazóns de grandes tartarugas).

- A **realidade representada** tanto nas escolas como no Pasatempo: ilustracións en láminas escolares (con aparatos mecánicos mercados para unha mellor presentación), mapas, globos terráqueos e artiluxios diversos para o estudo dos movementos dos planetas, debuxos en libros, modelos do corpo humano, modelos en cemento dos diferentes tipos de capiteis para o estudo da historia da arte, representacións de diversos animais –tamén doutras épocas como os animais prehistóricos das covas no Pasatempo, ou os mesmos leóns á entrada deste marabilloso parque–, de medios de transporte sorprendentes para a época como podían ser os dos primeiros avións, de construcións e obras de enxeñaría de moi diversas partes do mundo –como mezquitas, pirámides, canal de Panamá, etc–, de volcáns e outros accidentes xeográficos presentes nos patios das escolas, así como representacións en relevo de acontecementos históricos relevantes da historia mundial e española no Pasatempo.

O esforzo de busca, localización, merca e posta a disposición de docentes, discentes e en xeral de toda a cidadanía, ou de construción para os patios das escolas e o Pasatempo de diferentes medios de visualización é realmente encomiable como se desvela lendo as Actas do Patronato, e analizando os documentos que constan nos arquivos con facturas de merca de diferentes medios, e cos restos que nos quedan e que podemos observar no Museo das Mariñas e no Pasatempo. A diversidade dos diferentes medios de visualización, a calidade e rareza de moitos deles responden ao que denomino unha «Didáctica da fascinación» que pretende espertar a curiosidade, a sorpresa, o asombro ante os descubrimentos que favorecen os medios didácticos que os García Naveira poñen a disposición do proceso de ensino-aprendizaxe apoiando a percepción e a reflexión sobre a realidade.

Calquera medio didáctico posibilita unha determinada modalidade de experiencia coa realidade, cos contidos instrutivos –segundo a forma de codificar dita realidade–, sempre coa intención de favorecer a aprendizaxe, de facilitar o desenvolvemento de competencias



26. Betanceiros de distintas xeracións na entrada ao parque do Pasatempo, fotografándose cos leóns de mármore de Carrara que na actualidade se atopan á entrada do Santuario de Covadonga (Asturias).

e estratexias cognitivas nos suxeitos e de suscitar tamén determinadas emocións. Pero é necesario recoñecer que o valor pedagóxico dos medios didácticos depende en grande medida do modelo de ensino-aprendizaxe en que se sitúen e que lle serve de marco de referencia, e do uso concreto que se faga deles –non é o mesmo, por exemplo, simplemente deixar que os nenos contemplan un crocodilo disecado sen ningunha outra actividade, que favorecer o seu coñecemento formulando preguntas que permitan afondar no mesmo. Unha axeitada formación dos docentes para pensar sobre e cos medios, resulta de gran relevancia. Hai que considerar, como desvelaron hai tempo investigacións como as de Clark e Salomon (1986), que analizar a relación entre un medio determinado e a facilitación da aprendizaxe que procura, require atender a aspectos como as tarefas de aprendizaxe que se plantexan ligadas ao medio didáctico do que se trate, ás aptitudes do alumno, aos elementos simbólicos –códigos–, aos contidos do currículo e ao marco contextual.

Os irmáns García Naveira aportaron ricos e diversos materiais didácticos pero non temos investigacións que nos desvelen como foron usados eses medios na realidade das Escolas no primeiro terzo do século XX. Estimo, de todos os xeitos, que a impronta de desenvolver o principio didáctico da «intuición, obxectivación, de visualización» da ensinanza no sentido de aproximación ao concreto, revelouse aínda moitos anos despois, como sucedeu por exemplo na actuación didáctica de D. Xosé Dapena Espiñeira, o último mestre nas escolas xubilado en 1982 que fora alumno das mesmas. Xesús Fraga, un dos estudantes das escolas na década dos setenta do século pasado, e alumno de D. Xosé, retrata nunha novela autobiográfica («Solimán») o uso de diferentes estratexias e medios didácticos, varios deles creados polo propio mestre e que eu mesmo tiven tamén a oportunidade de coñecer e experimentar como alumno do mesmo docente, e como estudante



27. Fotografía da estatua da «Caridade» na data de celebración da conferencia do autor, e que invita a unha reflexión sobre o pasado, o presente e o futuro.

de Maxisterio facendo prácticas con este excepcional mestre. Así nos relata o xornalista e escritor betanceiro Xesús Fraga (2004) unha das súas vivencias con D. Xosé:

D. José xa nos fixera avanzar polo revirado camiño das matemáticas coa axuda dos seus métodos autodidactas: aprendemos os números con chapas de refresco. Había moreas delas na aula, e todas servían para iniciarnos nos segredos de contar. D. José dicía: 'unidade', e todos collíamos unha chapa do noso montonciño. 'Tres unidades', e engadíamos unha máis. 'Unha decena', indicaba o mestre, e botabamos man de dez chapas postas unha enriba da outra e suxeitas por un arame. 'Unha ducia', e só había que engadir outro par de chapas. Así fomos sumando, restando, dividindo e multiplicando con chapas soltas e os paquetes que representaban, dez, vinte e cinco, cincuenta e cen chapas. Minto, non as representaban, estaban alí de verdade o que facían das matemáticas non unha abstracción e si un sistema aplicable á vida (p. 46).

CONCLUSIÓNS

Esta aproximación á algúns dos elementos da acción educativa dos García Naveira poñéndoos en relación co dereito á educación de todos os cidadáns, revélannos o profundo compromiso dos irmáns betanceiros co progreso da sociedade, a loita contra a desigualdade, e a súa aposta pola xustiza e a cohesión social mediante a educación.

Dende esta perspectiva, como fundadores, construtores e valedores das Escolas, e mesmo D. Xoán como director das mesmas, fundador do «Refuxio de nenas anormais físicas» e construtor do Pasatempo, preocupáronse, entre outras cousas, de ofrecer ensinanzas gratuítas aos máis necesitados favorecendo que as mesmas se desenvolvesen contando con docentes seleccionados ben pagados, e que dispuxesen de medios de calidade, respondendo aos principios didácticos da intuición, obxectivación e visualización da ensinanza.

Este compromiso ético propiciou que, dende a inauguración das Escolas García Irmáns a comezos do século XX, Betanzos contase con centros educativos, e outros espazos pedagóxicos, que permitiron formarse, nunhas boas condicións para a época, a miles de cidadáns garantindo o acceso á cultura e o desenvolvemento de competencias e oportunidades favorecedoras de que o resultado na vida non estea marcado definitivamente pola orixe social dende o nacemento.

Non podemos caer, como alertaba Tony Judt (2008), no «esquecemento» do acontecido no século XX porque a ignorancia demostra ser nefasta. O mesmo autor denunciaba no 2010, pouco antes de morrer, como xa comentei ao comezo desta intervención, que nos tempos recentes, de novo, «algo vai mal» como expoñía no mesmo título do seu último libro (Judt, 2010). Concorro con Judt en que, efectivamente, algo vai mal no noso contexto e que precisamos opoñernos aos males da nosa sociedade e comprometernos coa mellora do mundo en que vivimos reconstruíndo principios progresistas.

Defendo que o compromiso coa educación e coa cohesión social deben orientar na actualidade as políticas públicas para facer posible o dereito a unha boa educación para todos e todas apostando por un sistema educativo que atenda en detalle ás dimensións de dispoñibilidade de oferta, accesibilidade, calidade aceptable e adaptación ás necesidades dos individuos. Da xenerosidade das accións educativas dos García Naveira, valorándoas tendo en conta o contexto histórico no que se desenvolveron, cabe aínda aprender variadas leccións para construír unha educación mellor, un mundo mellor para todos e todas.

BIBLIOGRAFÍA

- Abeal, X. (2015): *A fría escuridade do perdido*. Santiago de Compostela: Follas Novas.
- Barreiro, H. (1989): *Lorenzo Luzuriaga y la renovación educativa en España (1889-1936)*. Sada (A Coruña): Edicións do Castro.
- Bouza, B. da (1981): Un bon betanceiro. Santiago de la Fuente. *Anuario Brigantino*, 4, 115-116.
- Cabano, I. , Pato, M.L. y Sousa, X. (1991): «*El Pasatiempo*». *O capricho dun indiano*. Sada: Edicións do Castro.
- Castro, X. (2007): *Historia da vida cotiá en Galicia. Séculos XIX e XX*. Vigo: Edicións Nigratea.
- Clark, R. E. y Salomon, G. (1986): Media in Teaching. En M. Wittrock (Ed.), *Handbook of Research on Teaching* (pp. 464-478). Nueva York: MacMillan.
- Costa Rico, A. (1989): *Escolas e mestres. A educación en Galicia: da Restauración á Segunda República*. Santiago de Compostela: Servicio Central de Publicacións da Consellería da Presidencia e Administración Pública da Xunta de Galicia.
- Costa Rico, A. (2004): *Historia da educación en Galicia*. Vigo: Edicións Xerais de Galicia.
- Domínguez García, J.M. (2011): La enseñanza en Betanzos de 1833 a 1868. *Anuario Brigantino*, 34, 269-284.
- Erias, A. (2000): Estructura socioprofesional de Betanzos (1840-1936). *Anuario Brigantino*, 23, 311-374.
- Fraga, X. (2004): *Solimán*. Vigo: Xerais.
- Fuente García, S.de la. García Naveira, Juan y Jesús. En *Gran Enciclopedia Gallega* 15, 193-08. Santiago/Gijón: Silverio Cañada.
- Fuente García, S. de la (1999): Los Hermanos García Naveira y sus fundaciones. *Anuario Brigantino*, 22, 395-434.
- Fuentes Abeledo, E. (2014): Reflexiones en torno a la acción educativa de los Hermanos García Naveira en Betanzos. *Anuario Brigantino*, 37, 137-160.

- Gabriel, N. (1990): *Leer, escribir y contar. Escolarización y sociedad en Galicia (1875-1900)*. Sada (A Coruña): Edicións do Castro.
- Gabriel, N. de (1997): O proceso de alfabetización en Galicia En *Sarmiento. Anuario Galego de Historia da Educación*, 1, 11-40.
- Gabriel, N. de (2006): *Ler e escribir en Galicia. A alfabetización dos galegos e das galegas nos séculos XIX e XX*. A Coruña: Servicio de Publicacións da Universidade de A Coruña.
- Mariño, D. (2000): Mito y utopía: sabiduría pedagógica del PASATIEMPO. *Anuario Brigantino*, 23, 423-476.
- Fraga, X. (2004): *Solimán*. Vigo: Edicións Xerais de Galicia.
- Judt, T. (2008): *Sobre el olvidado siglo XX*. Madrid: Taurus.
- Judt, T. (2010): *Algo va mal*. Madrid: Taurus.
- Rodríguez Crespo, M. (1983): *Lucha y generosidad de los Hermanos García Naveira*. Imprenta Lugami: Betanzos.
- Stöcker, K. (1964): *Principios de Didáctica General*. Buenos Aires: Kapelusz.
- Tomasevski, K. (2004): *El asalto a la educación*. Barcelona: Intermón-Oxfam.
- Tomasevski, K. (2005): La educación y los derechos humanos. En L.M. Naya (Coord.), *La educación y los derechos humanos* (pp. 63-90). Donostia: Erein.
- Torres, X. (2004): *A II República nunha vila galega. Betanzos 1931-1936*. Sada (A Coruña): Edicións do Castro.
- Veiga Ferreira, X.M. (1987): A poboación de Betanzos no século XIX. *Anuario Brigantino*, 10, 71-82.
- Villares, R. (2014): *Historia de Galicia*. Vigo: Galaxia.

Agradecementos:

O autor quere agradecer as axudas para o acceso a documentación, preparación do texto e imaxes deste traballo e aportacións de variada índole do equipo da Biblioteca, Museo das Mariñas e Arquivo de Betanzos (Pilar Vázquez, Ermita Rodríguez, Xosé María Veiga e Alfredo Erias), e de María Teresa Amado, Inés Mosquera, Xoán Manuel Andrade, Pablo César Muñoz, Nuria Abal e Vicente de la Fuente.



28. Pupitre de madeira bipraza e bandeira das Escolas depositados no Museo das Mariñas. Na imaxe aparece o autor do artigo, antigo alumno das Escolas García Naveira.
Fotografía de Veiga Ferreira.